

ACTA DA VIXÉSIMO QUINTA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES:

POLA FEGAMP:

Jose Manuel Chapela Seijo – Director Xeral da Fegamp

Lucía González Louro – Técnica de Medio Ambiente da Fegamp

POLA XUNTA DE GALICIA:

María Sonia Romero Doniz – Vicesecretaria Xeral da Consellería de Medio Rural

David Prieto Fernández – Subdirector xeral de Prevención da Dirección Xeral de Defensa do Monte

POR SEAGA:

María Luisa Piñeiro Arcos – Directora Xerente

Sendo as 10:10 horas do día 2 de novembro de 2023, reúnese a Comisión de Seguimento do Convenio previamente citados os membros baixo a seguinte

ORDE DO DÍA

- 1) Lectura e aprobación da acta da 24ª reunión da Comisión do 13 de xullo de 2023.
- 2) Aprobación, se procede, das novas solicitudes de adhesión (*Trazo*).
- 3) Aprobación, se procede, das solicitudes recibidas para a realización material das actuacións de xestión de biomasa derivadas de resolucións de execución subsidiaria, de ata 10 ha por concello e ano.
- 4) Aprobación, se procede, das solicitudes de actuacións en vías de titularidade municipal.
- 5) Solicitudes de inspección.
- 6) Solicitud de iniciativas veciñais.
- 7) Ampliación prazo vixencia do convenio.
- 8) Rogos e preguntas

Aberta a sesión polo subdirector xeral de Prevención da Dirección Xeral de Defensa do Monte, abórdanse os distintos puntos da orde do día.



1) Lectura e aprobación da acta da 24ª reunión da Comisión do 13 de xullo de 2023.

Unha vez revisada a acta pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica, procédese á aprobación da mesma, acordándose a súa sinatura por medios telemáticos, pola Secretaria da Comisión e o Presidente, e o seu posterior envío aos restantes membros da Comisión.

2) Aprobación, se procede, das novas solicitudes de adhesión (*Trazo*).

Na data da celebración da Comisión rexistrouse unha nova solicitude de adhesión ao convenio:

Concellos A Coruña (1)
Trazo

Admítese a solicitude de adhesión deste concello e acórdase notificar con esta data a resolución informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase co concello adherido para ir avanzando na elaboración da planificación.

Dende a FEGAMP se solicita o envío dunha táboa actualizada coa relación de todos os concellos adheridos.

3) Aprobación, se procede, das solicitudes recibidas para a realización material das actuacións de xestión de biomasa derivadas de resolucións de execución subsidiaria, de ata 10 ha por concello e ano.

Dende a última xuntanza da comisión recibíronse as seguintes solicitudes para a realización de actuacións derivadas de execucións subsidiarias:

Código INE	Concello	Situación	Observacións
15008	Bergondo	1 parcela	Válida
15019	Carballo	1 parcela	Non válida. Dentro de núcleo
15030	A Coruña	Pendente confirmación das parcelas xa que se pasan de superficie	Válidas
15046	Melide	1 parcela	Emendar



15064	Paderne	1 parcela	Non válida. Dentro de núcleo
15082	Teo	32 parcelas	Emendar
27015	Cospeito	10 parcelas	2 válidas. 7 emendar, e outra pertence ao concello de Abadín
32008	Barbadás	1 parcela	Válida
32079	Taboadela	1 parcela	Válida
32088	Vilamartín de Valdeorras	Non fan referencia a ningunha parcela	
36017	A Estrada	5 parcelas	3 emendar e 2 non válidas por estar dentro de núcleo
36021	Gondomar	18 parcelas	1 xa solicitada 1 na orde de execución dos concellos piloto 1 dentro de núcleo 4 para emendar 11 proveñen de vivendas illadas non definidas no Plan, e terían que emendar.
36040	Portas	2 parcelas	Válidas
36049	Salceda de Caselas	12 parcelas	Emendar
36009	A Cañiza	1 parcela	Válida

Inclúese na relación unha parcela de parroquia non priorizada do concello de A Cañiza, cuxa solicitude se recibiu con posterioridade ao envío da documentación correspondente á orde do día.

Unha vez valoradas todas estas solicitudes a comisión procede a adoptar os seguintes acordos:

- 1º. Aprobar as solicitudes/ampliacións presentadas que cumpran cos requisitos da Instrución 1/2018.
- 2º. Aprobar as solicitudes/ampliacións presentadas que non cumpran estes requisitos condicionando a súa aprobación á emenda ou acreditación dos mesmos.
- 3º. Encargar a Seaga que prepare as correspondentes notificacións para os concellos.



4) Aprobación, se procede, das solicitudes de actuacións en vías de titularidade municipal.

Dende a última xuntanza da comisión recibíronse as seguintes solicitudes de actuacións en vías de titularidade municipal:

Provincia	Código INE	Concello	Data solicitude DXM	Lonxitude vía solicitada (km)
Lugo	27004	Baleira	21/07/2023	10
Ourense	32074	San Amaro	26/12/2022	10
Ourense	32091	Vilardevós	04/08/2023	7,5
Pontevedra	36014	Crecente	27/10/2023	Pendente de analizar

Unha vez valoradas todas estas solicitudes a comisión procede a adoptar o seguinte acordo:

- Aprobar as solicitudes e encargar a Seaga iniciar os traballos necesarios para as actuacións no dominio público das vías solicitadas.

5) Solicitudes de inspección.

Dende a última xuntanza da comisión recibíronse as seguintes solicitudes de inspección de parcelas incluídas na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa:

Provincia	Código INE	Concello
A Coruña	15025	Cerdido
Ourense	32014	A Bola
Ourense	32061	Piñor
Ourense	32062	Porqueira
Ourense	32070	San Xoán de Río
Ourense	32075	San Cibrao das Viñas
Ourense	32076	San Cristovo de Cea
Ourense	32091	Vilardevós
Ourense	32092	Vilariño de Conso

Unha vez valoradas todas estas solicitudes a comisión procede a adoptar o seguinte acordo:



- Aprobar as solicitudes e encargar a Seaga iniciar os traballos necesarios para a realización das inspeccións.

6) Solicitude de iniciativas veciñais

Cando nos concellos adheridos existan iniciativas veciñais que contribúan ao cumprimento das medidas preventivas nas faixas secundarias o Sistema público de xestión de biomasa, poderá facilitar aos concellos o equipamento necesario para levar a cabo actuacións sobre a biomasa, infraestruturas preventivas ou apoio á intendencia en situación de incendios forestais.

A documentación requirida no convenio é a seguinte:

1º Memoria xustificativa das actuacións que inclúa a necesidade do equipamento preciso para levar a cabo as devanditas actuacións.

2º Acreditación da inscrición das asociacións veciñais no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

3º Instrumento de colaboración entre o concello e as asociacións veciñais.

A través da Dirección Xeral recibíuse a seguinte solicitude:

Provincia	Código INE	Concello	Observacións
Ourense	32050	Monterrei	Solicitude de material de roza, para a asociación de veciños San Salvador de Vilaza (Monterrei)

Logo da valoración por parte da comisión procédese a aprobar a iniciativa presentada polo concello de Monterrei, por cumprir con todos os requisitos necesarios.

7) Ampliación prazo vixencia do convenio.

A vixencia do convenio remata o 31 de decembro deste ano 2023, polo que se iniciarán as xestións necesarias para a tramitación dunha nova addenda que amplíe este prazo de vixencia ata o 31 de decembro de 2024, actualizando tamén a dotación económica do convenio.



8) Rogos e preguntas

Dende a FEGAMP se pregunta polo grao de execución das solicitudes de execución subsidiaria e das de traballos en vías de titularidade municipal. A Directora Xerente de Seaga contesta que existe un alto grao de execución, que pode rondar o 80%, tendo previstas xa as actuacións incluídas na orde do día; poden existir problemas puntuais en determinados casos, ligados principalmente á extracción de arborado.

Trasladan dende a FEGAMP, relacionado coa tramitación da nova addenda, a posibilidade de enviar aos concellos adheridos un recordatorio de todas as actuacións posibles que contempla o convenio, dado que se percibe en moitos casos descoñecemento cando se reciben consultas por parte das entidades locais. Dende Seaga recórdase que ademáis de contacto telefónico se está asistindo presencialmente (persoal técnico) a aqueles concellos que o solicitan, pero tamén perciben esta problemática, polo que se acorda preparar un texto ao efecto.

Consúltase dende a FEGAMP se nas iniciativas veciñais se xustifican as súas actuacións ante os concellos ou ante a Dirección Xeral de Defensa do Monte. O subdirector xeral de Prevención comenta que esa xustificación non se recibe, pero que sí trasladarán ao persoal dos distritos forestais, como se comentara nunha reunión anterior, a relación de iniciativas ata o de agora aprobadas, para constatación dos traballos realizados.

Tamén se pregunta se se recibiu algunha planificación de concello coas actuacións que considera prioritarias segundo o risco de incendios forestais, que permita agrupar os traballos e optimizar así a súa execución. Tanto dende a dirección xeral como dende Seaga a resposta é negativa. Trasladarase esta información aos concellos na comunicación que se envíe sobre a nova addenda.

Por último, acórdase convocar reunión do grupo de traballo para o vindeiro día 20 de novembro de 2023, ás 10:00 h, nas instalacións da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Sen máis asuntos que tratar, o subdirector xeral de Prevención da por finalizada a reunión, sendo as 10:45 horas da data sinalada no encabezamento.

